

## Indicador Municipal da Renda dos Fogares. Base 2000. Serie 2000-2002

### COMUNICADO

## A renda media dos fogares galegos no ano 2002 é de 9.117 euros por habitante

O IGE presenta a estimación da renda dos fogares galegos no período 2000 a 2002 e a súa distribución territorial. A variable que mellor reflicte a renda percibida polos fogares residentes nun territorio económico é a **Renda Dispoñible Bruta** (RDB) do sector fogares.

Preséntase a estimación dunha conta simplificada de renda do sector fogares seguindo a metodoloxía do Sistema Europeo de Contas (SEC) 1995, que ten como saldo a RDB, variable que mide os ingresos de que dispoñen os fogares ao longo dun ano para destinar a consumo ou aforro.

A conta simplificada de renda, ademais da estimación da renda media, permite analiza-la procedencia da mesma:

<b>CONTA DE RENDA DOS FOGARES</b>			
<b>GALICIA</b>			
<i>Euros por habitante</i>			
<b>RECURSOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
EEB / renda mixta bruta	2.221	2.412	2.504
Remuneración dos asalariados	5.883	6.239	6.633
Prestacións sociais	1.904	1.991	2.071
Outros recursos netos	622	622	580
<b>EMPREGOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
Impostos sobre a renda e o patrimonio	630	705	800
Cotizacións sociais	1.683	1.818	1.871
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>8.317</b>	<b>8.741</b>	<b>9.117</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares.  
(P) Provisional

A renda dispoñible bruta dos fogares galegos obtense restando dos recursos dos fogares os impostos sobre a renda e o patrimonio e as cotizacións sociais.

Do total dos recursos dos fogares galegos no ano 2002, o 56% procede da remuneración do traballo asalariado, o 21% do excedente xerado polas empresas non constituídas en sociedade, o 18% son prestacións sociais e o 5% restante son outras fontes de renda, principalmente rendas da propiedade e transferencias correntes.

Esta estrutura da conta de renda de Galicia mantense practicamente igual no período 2000 a 2002.

A partir da desagregación da conta de renda dos fogares para os 315 concellos galegos pódese analiza-la distribución territorial da mesma. Como suma de concellos obtense a conta de renda para cada unha das catro provincias galegas, que permite analizar o nivel e a procedencia da renda en cada provincia.

O 41% da renda de Galicia corresponde aos fogares residentes na provincia da Coruña, o 13% en Lugo, idéntica porcentaxe en Ourense e o 33% restante corresponde aos residentes en Pontevedra.

### A provincia con maior renda media en todo o período é A Coruña

Analizando os datos en termos por habitante, pódese ver que a provincia con maior renda media en todo o período é A Coruña, mentres que as outras tres provincias presentan valores moi similares:

#### CONTA DE RENDA DOS FOGARES ANO 2000

*Datos en euros por habitante*


RECURSOS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
EEB / renda mixta bruta	2.151	2.643	2.332	2.095
Remuneración asalariados	6.269	4.663	4.733	6.337
Prestacións sociais	1.901	2.246	2.153	1.676
Outros recursos netos	683	518	925	476
EMPREGOS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Impostos renda e patrim.	733	491	467	623
Cotizacións sociais	1.774	1.428	1.405	1.778
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>8.497</b>	<b>8.151</b>	<b>8.271</b>	<b>8.183</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares

A partir da análise da estrutura da conta de renda pódese concluír que existe unha clara dicotomía na procedencia da renda:

- As provincias de A Coruña e Pontevedra destacan polo importante peso das rendas do traballo asalariado
- As rendas de Ourense e Lugo presentan un peso moi inferior na remuneración dos asalariados e un peso moi superior ao da comunidade autónoma nas prestacións sociais e no excedente de explotación e a renda mixta.

**A renda media dos fogares galegos presenta unha taxa de crecemento do 5,1% en 2001 e do 4,3% en 2002**



No período 2000 a 2002 a provincia que presenta un maior crecemento da súa renda media é Lugo, sendo Ourense a provincia que menos medra. En 2001 a diferenza no crecemento destas dúas provincias é de 1,5 puntos porcentuais, mentres que en 2002 as taxas de crecemento provinciais son moi similares.

### **O concello galego cun maior nivel de renda media é Beariz**

A renda media de Beariz é máis do dobre que a renda por habitante para o conxunto de Galicia, nos tres anos considerados neste estudo. O segundo concello por nivel de renda é Avión cunha renda un 30% superior á da media galega. A renda destes dous concellos procede principalmente das transferencias correntes.

Ademais destacan, entre os concellos con maior nivel medio de renda, as capitais de provincia, Vigo, Ames, Oleiros e Cambre.

No extremo oposto atópanse Dozón e Covelo, cunha renda media da metade da renda de Galicia.

Ademais da renda media dos fogares residentes nos concellos galegos, pode analizarse o nivel de cada un dos recursos considerados.

Así, os concellos cun maior nivel medio de **remuneración dos asalariados** son Ames, Oleiros e Teo cun valor un 50% superior á media de Galicia . Entre o 30% e o 50% superior á media están os concellos de Culleredo, Cambre, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Santiago de Compostela.

Curiosamente, os dous concellos cunha menor remuneración dos asalariados son Beariz e Avión, cunha media por habitante nesta partida inferior ao 20% da media de Galicia.

Os concellos cun **excedente de explotación / renda mixta** por habitante máis elevada pertencen á provincia de Lugo (Riotorto, Meira, Lourenzá e A Pastoriza), cunha renda procedente principalmente das actividades agrarias. Tamén destaca a Illa de Arousa, concello no que a súa renda provén principalmente da actividade pesqueira.

Con respecto á estimación das **prestacións sociais** por habitante no ano 2000, os 28 primeiros postos son concellos das provincias de Lugo e Ourense, e o primeiro concello da provincia de Pontevedra é Forcarei que se atopa máis aló da metade da táboa, no posto 160.

No que atinxe aos **outros recursos netos**, os concellos de Beariz e Avión son claros exemplos de comportamentos atípicos dado o seu elevado nivel de renda media procedente case exclusivamente das transferencias correntes.

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>

e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)